



Estimadas familias,

Como estades? Espero que con moita forza e moito ánimo. Entre todos estámolo conseguindo e máis pronto que tarde volveremos á normalidade.

Esta semana, ademáis de intentar seguir coas rutinas que xa coñecedes, imos reforzar os coñecementos que os vosos fillos e fillas teñen sobre as **formas xeométricas**.

Nas dúas seguintes páxinas tedes o debuxo dun círculo, un cadrado, un triángulo e un rectángulo. Podédelo imprimir pero non é preciso, xa que son figuras moi doadas de debuxar, así que basta con que teñades a man algún folio, brancos ou de calquera outra cor.

O primeiro que vos pido é que axudedes aos nenos e nenas a identificar as diferentes figuras, preguntándolles por elas e comprobando así se as recordan ou non, aínda que estou convencida de que sí.



Despois deberán poñer sobre as liñas que forman os debuxos obxetos cotiás: gomets, lentellas, garabanzos, grans de café, tapóns, pedras pequenas... Coa actividade non só traballarán o trazo senón tamén a concentración e a motricidade fina. Para que o vexades máis claramente, os vosos fillos e fillas deberían facer algo así:




As figuras poden estar cada unha nun folio, coma na imaxe, ou dúas nunha mesma folla, como preferades e vos sexa máis sinxelo, pero si me gustarían que as traballaran todas: o círculo, o cadrado, o triángulo e o rectángulo.

Espero que o disfrutedes moito, eles e tamén vós. Un abrazo forte familias.

Antía.







MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE

Unha semana máis estamos aquí, preparados para o que teño preparado esta semana? Despois de ver o que vos gustaron os circuitos e os vídeos tan estupendos que me enviades, volvemos a facelos. Queredes descubrilos?

- <https://youtu.be/98Pxqh1aodg> Salta, salta, salta sin parar.
- <https://youtu.be/NvPgWdl9QY>. E por suposto non podía faltar o reto de esta semana.
- Nestes días na casa escoitamos moita música, verdade? Cal é a vosa canción favorita? Enviadema ao correo como queirades: co título, cun baile, cantádoa, como prefirades.

Se non conseguides entrar polos enlaces que adxuntamos, podeades buscar en youtube:

- Psicomotricidade 3 leoteca.
- Reto 3 leoteca

Moito ánimo e moitos moitos bicos!